

## **GALICIA, CHEQUIA E CERDEÑA COLABORARÁN PARA CREAR UNHA REDE DE VENTANIÑAS EMPRESARIAIS ÚNICAS**

**Santiago, 30 de abril.-** Galicia, Chequia e a illa de Cerdeña (Italia) colaborarán para crear unha rede de ventaniñas empresariais únicas, que terá como obxectivo favorecer o desenvolvemento das economías locais facilitando a realización de procedementos administrativos e favorecendo deste xeito o establecemento de novas empresas nestas áreas.

Esta acción desenvolverase no seo do proxecto ICHNOS (Innovation and Change: Network of One-Stop-Shops), que financia a Unión Europea dentro do programa Interreg e que foi presentado hoxe no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), nunha reunión na que participaron todos os socios do proxecto.

A iniciativa desenvolverase entre marzo de 2005 e febreiro de 2007, e será levada a cabo grazas á colaboración do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), da Associazione Nazionale Comune Italiani (ANCI) de Cerdeña (Italia) e da Administración Rexional de Vysocina, en Chequia.

O obxectivo do proxecto ICHNOS, que conta cun orzamento de máis dun millón de euros, é desenvolver e poñer a proba unha rede de centros rexionais de asesoramento sobre ventaniñas empresariais únicas que poida ser transferido a outras áreas xeográficas, especialmente aos novos membros da Unión Europea.

As ventaniñas únicas empresariais permiten simplificar os procedementos administrativos para a creación de empresas, contribuír a xestionar eficientemente o acceso á información e dar apoio aos empresarios na creación de novos negocios ou na xestión dos que xa existen.

Este tipo de entidades teñen ademais a función de atraer negocios foráneos cara á área na que actúan.

A contribución do CESGA consistirá en estudar cómo as novas tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) poden contribuír ao éxito desta iniciativa. Esta institución aportará así mesmo a súa experiencia na implantación de centros de competencias e asesoramento a empresas.

**Para máis información, contactar co gabinete de comunicación do CESGA no número de teléfono 981 56 98 10**